



CIF: P-3202500-I

Concello de Celanova

Praza Maior, 1 – 32.800 Celanova (Ourense)

Tfno.: 988.431481/431487 – Fax: 988.451623 – concello.celanova@eidolocal.es

CeMIT | Centros para a Modernización
e Inclusión Tecnolóxica
Aula Cemit do Concello de Celanova



XUNTA
DE GALICIA

As Trigueiras s/n. 32800 Celanova

988 431 604

cemit.celanova@xunta.es

Celanova, 20 de maio de 2013

Estimado empresario/a:

Como alcalde de Celanova desexo por en coñecemento da súa empresa que dende hai algún tempo o Concello conta cunha **aula CeMIT (Centro de Modernización e Inclusión Tecnolóxica) do Concello de Celanova, ubicada en Parque das Trigueiras s/n, perfectamente dotada para a realización de actividades formativas no campo das novas tecnoloxías**, e que poñemos á súa disposición para levar a cabo aquelas iniciativas ou estratexias de comunicación exterior da súa empresa que poida precisar.

O noso obxectivo non é outro có de poder axudarlle e proporcionar un servizo perfectamente equipado para a realización de certos actos propios da empresa que precisen a utilización de contidos e servizos dixitais.

Por tanto ofrézolle a posibilidade da utilización da mesma, para conferencias, realización de cursos ou seminarios e a utilización de **videoconferencia e videocolaboración con entidades, ou responsables doutros centros ou rexións**, previa solicitude e en horario libre de cursos.

Como pode comprobar no documento adxunto, o centro dispón de infraestructuras e servizos axeitados para o uso cotián da información dixitalizada por parte de todos os cidadáns que se interesen polo uso das novas tecnoloxías e non posúan outro medio para desenvolver dita acción.

O Concello de Celanova e a aula CeMIT desexan poder colaborar con vostedes polo que poñen a súa disposición esta información.

Agardando que esta información poida ser do seu interese, saúdo atentamente:

O Alcalde

Jose Luis Ferro Iglesias



CIF: P-3202500-I

Concello de Celanova

Praza Maior, 1 – 32.800 Celanova (Ourense)

Tfno.: 988.431481/431487 – Fax: 988.451623 – concello.celanova@eidolocal.es

CeMIT | Centros para a Modernización
e Inclusión Tecnolóxica
Aula Cemit do Concello de Celanova**XUNTA
DE GALICIA**

As Trigueiras s/n. 32800 Celanova

988 431 604

cemit.celanova@xunta.es

AULA CEMIT DO CONCELLO DE CELANOVA

A aula CeMIT (Centros para a Modernización e Inclusión Tecnolóxica) do Concello de Celanova, ubicada no Parque das Trigueiras s/n (Antiga oficina do INEM) Celanova, pon a disposición da cidadanía, empresas e colexios a utilización da mesma para uso e disfrute de todos os seus servicios:

- A aula conta con todas as instalación e equipos necesarios para o seu pleno uso e disfrute, así como un fácil, cómodo e gratuito acceso. Posúe 13 ordenadores coa última tecnoloxía, acceso para as persoas con discapacidade, acceso a Internet, asesoramente personalizado por parte do Axente TIC, sistema de videoconferencia e videocolaboración, cursos de formación en Alfabetización Dixital presenciais e online, seminarios.....

A aula CeMIT do Concello de Celanova quere promover de forma efectiva o uso das TIC (Tecnoloxías da Información e Comunicación) entre a poboación e, especialmente, entre os colectivos onde a fenda dixital é maior: mulleres, desempregados, maiores, discapacitados,..... Os Centros para a Modernización e Inclusión Tecnolóxica posibilitan o acceso igualitario á alfabetización dixital e contribúen á vertebración territorial e social de Galicia.



Si quere ser usuario da aula, participar en cursos de formación, seminarios, videoconferencias, ou obter máis información, estamos en “Parque das trigueiras s/n 32800 Celanova”, tamén nos podes localizar no teléfono 988 431 604 – 697 185 080 ou vía e-mail cemit.celanova@xunta.es (Responsabel da aula: Laura Fernández)

O horario de apertura da aula e de 10: 00 h a 13:00h e de 16:00h a 20:00h